



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE E O CONCELLO DA LARACHA PARA A REALIZACIÓN DE TRABALLOS DE ESCAVACIÓN ARQUEOLÓXICA PARA A RECUPERACIÓN E POSTA EN VALOR DO CASTRO DE MONTESCLAROS (A LARACHA, A CORUÑA)

MEMORIA TRANSPARENCIA

Ángel Miramontes Carballada, director xeral de Patrimonio Cultural da consellería de Cultura, Lingua e Xuventude.

DECLARA:

Que esta dirección xeral de Patrimonio Cultural formalizou co Concello de A Laracha o instrumento convenial arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a súa sinatura ata o 30 de novembro de 2026.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Regular as bases de colaboración entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude da Xunta de Galicia e o Concello de A Laracha para a realización dunha actuación arqueolóxica de escavación e consolidación no Castro de Montesclaros (A Laracha, A Coruña), co obxectivo operativo de conservar o patrimonio cultural galego.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convenial que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

O xacemento arqueolóxico de Castro de Montesclaros (GA15041008) localízase na parroquia de Santiago de Vilaño (A Laracha, A Coruña).

Trátase dun poboado fortificado da Idade do Ferro conformado por unha croa de forma lixeiramente ovoide alongada no eixo SW-NE, situado nun esporón que domina o val do Río Cesuras, no contorno do Rego de Zoñán.

O castro está incluído no Catálogo do PXOM da Laracha (2003) como espazo de especial protección patrimonial.





Ten a condición de ben pertencente ao Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia en virtude do artigo 30 da Lei 5/2016, do Patrimonio Cultural de Galicia.

Tendo en conta os valores culturais que posúe o Castro de Montesclaros, a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural e o Concello de A Laracha consideran necesario realizar neste ano 2026 novos traballos arqueolóxicos de escavación, consolidación e acondicionamento para favorecer a súa posta en valor e tamén para afondar no coñecemento deste sitio arqueolóxico e así avanzar na súa investigación e caracterización.

Os traballos de campo serán dirixidos por un/ha arqueólogo/a que cumpra os requisitos esixidos polo Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia.

Na realización das diferentes accións de difusión se fará constar a colaboración e financiamento da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convenial.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do convenio que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria

